



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 25 de xuño de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021.

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da devandita convocatoria e os modelos de solicitude e de xustificación tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro publico correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2021, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

- A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oulol, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.
- A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial

de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021 será de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €):

- A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 45.000 €.
- A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 38.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	10.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro do 2021.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

Lugo, 29 de xuño de 2021.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1977

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Alfóz en data 28 de xuño de 2021 adoptou Decreto que di:

1. Delegar na concelleira dona Carmen Dolores Geada Maseda a celebración do matrimonio civil entre don José Luis Gómez Sánchez, titular do DNI número ***6033** e dona Marta Martínez Seijas, titular do DNI número ***9406**, a celebrar o día 10 de xullo de 2021 ás 13:00 horas nesta Casa Consistorial do Concello de Alfóz.
2. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro

Alfoz, 30 de xuño de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1978

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 26/06/2021 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **3º bimestre do 2021**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interperse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/07/2021 e 31/08/2021 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/07/2021. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 28 de xuño de 2021. O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1979

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 5/2021, (terceiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil vinte e un, por un importe total de CIENTO CINCO MIL CIENTO SETENTA EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (105.170,97 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.264.375,30.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.748.656,40.-
3.- Gastos financeiros.....	5.500,00.-
4.- Transferencias correntes.....	150.374,68.-
6.- Inversións reais.....	1.250.652,47.-
7.- Transferencias de capital.....	233.577,93.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.653.136,78.-

Modifícase o Anexo das Inversións do vixente Orzamento.

Modifícase o Anexo da Base 13ª das Bases de Execución do vixente Orzamento, donde figura a relación das subvencións nominativas, engadindo e incrementando as seguintes:

- 1.- Escudería Miño-Lugo (NIF G27166677), Rallye San Froilán, importe 6.000,00 euros.
- 2.- Club Atletismo Friol (NIF G27450824), actividades deportivas, incremento da nominativa, importe incremento 1.914,96 euros, importe total 4.914,96 euros.
- 2.- Club Atletismo Friol (NIF G27450824), campamentos de verán, nova actividade, importe 5.280,00 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 25 de xuño de 2021.-O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1980

O INCIO

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2020, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Incio, 29 de xuño do 2021.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1981

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o 27 de maio de 2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 6/2021 do orzamento xeral do Concello de 2021. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 03/06/2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	788.983,60
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.308.027,03
Capítulo III	Gastos Financeiros	478,56
Capítulo IV	Transferencias Correntes	42.400,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	3.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	988.072,67
Capítulo VII	Transferencias de Capital	25.000,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.600,00

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	583.417,65
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	297.502,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.192.898,24
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	435.552,33
Capítulo VIII	Activos financeiros	622.312,23
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 29 de xuño de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1982

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2021, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se aprobe o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2021, composto por 402 cargos e por un importe total de cotas municipais de 209.699,37 euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de agosto ao trinta de setembro de dous mil vinte e un.

SEGUNDO. Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asínao o alcalde, D. Jose Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñiz, 25 de xuño de 2021, do que eu, como secretaria, dou fe.

Negueira de Muñiz, 25 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda. A secretaria, Carmen Gómez Otero.

R. 1983

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade cos decretos de 28 de xuño faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarin para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural”:

DOUS (2) PEÓN CONDUTOR E SEIS (6) PEÓNS DE BRIGADA.

DOUS (2) XEFE/A DE BRIGADA.

TRES (3) OPERARIOS/AS CONDUTOR DE MOTOBOMBA

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Portomarin na seguinte dirección <http://portomarin.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Portomarin, 28 de xuño de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1984

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do exercicio 2021.

Por Decreto da Alcaldía de data 29 de xuño de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó terceiro bimestre do exercicio 2021, cuxo importe total ascende á cantidade de “81.792,57” (oitenta e un mil setecentos noventa e dous con cincuenta e sete) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 28 de xuño ó 6 de setembro do 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 29 de xuño de 2021.- O alcalde, Francisco Fernández Montes.

R. 1985

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito SC 4/2021 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 22 de xuño de 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente exponse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación de créditos quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 29 de xuño de 2021.-O Alcalde. Claudio M Garrido Martínez.

R. 1986

XOVE

Anuncio

Dilixencia de corrección de erros.-

Por medio da presente faise constar a existencia dun erro na publicación do anuncio de expediente de modificación de créditos nº 11/2021, publicado con data 25 de xuño de 2.021 (B.O.P. nº 143), a saber,

-Donde di: Crédito extraordinario

-Debe dicir: Suplemento de Crédito

Xove, 28 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1987

Anuncio

Remitida ó Concello a Matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS para o exercicio de 2.021, unha vez confeccionado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria-Delegación de Lugo, ponse de manifesto ó público, a parte cuxa xestión corresponde a este Concello, no Departamento de Tesourería, en horario de 9 a 14,00 horas, de luns a venres, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte inclusive ó que apareza este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Advírtese que a inclusión do suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo de quince días a contar do inmediato seguinte ó da terminación do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición perante o xefe da Dependencia de Xestión da Axencia Estatal da Administración Tributaria de Lugo, ou reclamación económico-administrativa, no mesmo prazo, perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional (Secretaría Delegada de Lugo), sen que se podan interpor, asemade, ámbolos dous recursos (art. 91 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 4 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto).

Xove, 29 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1988

MANCOMUNIDADE MUNICIPIOS RÍO OURO (ALFOZ-O VALADOURO)

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foron debidamente informadas pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público as Conta Xerais correspondentes aos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convintes.

Alfoz, 29 de xuño de 2021.- O Presidente da Mancomunidade, Jorge Val Díaz.

R. 1989

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 25 DE XUÑO DE 2021 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ANIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE

ACTUACIÓN DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021

BDNS (Identif.): 572519

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/572519>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>).

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2021, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021 será de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €):

A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 45.000€.

A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 38.000€.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00€	10.000,00€

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro do 2021.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

LUGO, 29 DE XUÑO DE 2021.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1990

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - GUITIRIZ

Anuncio

EXTRACTO CONVOCATORIA PARA AXUDAS MATERIAL ESCOLAR E DIXITALIZACIÓN 2021/2022

BDNS (Identif.): 572651

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/572651>)

Primeiro. Beneficiarios

A presente convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan aos menores ao seu cargo matriculados en centros de ensinanza públicos no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos), 5º e 6º de Educación Primaria, ESO, BAC; así como matriculados en ciclos formativos FP básica ou universitarios.

Os solicitantes deberán cumprir, ademais os requisitos recollidos no artigo 13.2 de la Ley 18/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Segundo. Obxecto:

LIÑA 1: Axudas ao material escolar. (2ª etapa educación infantil e BAC)

LIÑA 2: Axudas ao transporte. (Universidade, ciclos formativos e FP Básica)

LIÑA 3: Axudas para a mellora da conexión dixital. (5º e 6º de Educación Primaria e ESO)

LIÑA 4: Axudas para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos. (4º de ESO e BAC)

LIÑA 5: Extraordinaria para axudas ao transporte para alumnado de Pígara matriculado no I.E.S Poeta Díaz Castro.

Terceiro: Bases reguladoras.

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica <https://concellodeguitiriz.sedelectronica.es>

Cuarto: Contía:

A/ LIÑA 1: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias de axudas ao material (Educación Infantil e BAC)

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 150 €.
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400€ e 9000 €: ata 100 €

B/ LIÑA 2: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias das axudas ao transporte (Grao, Ciclos formativos de Grao medio ou superior, Ensinanzas superiores, ...)

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 500 €
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400 € e 9000 €: ata 300. €

C/ LIÑA 3: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para as familias beneficiarias

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 200€
- Familias cunha RPC entre 5400 e 9000 €: ata 100 €

D/ LÍÑA 4: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias:

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 500
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400 e 9000 €: ata 300 €

E/ LIÑA EXTRAORDINARIA: Sen límite de ingresos.

Ata 200 € mensuales

Os importes anteriores poderán reducirse en proporción ás solicitudes achegadas tendo en conta o límite orzamentario aprobado.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia ata o 15/10/2021.

Guitiriz, 29 de xuño de 2021.- ALCALDESA, MARIA SOL MORANDEIRA MORANDEIRA.

R. 1991
